



Presentación

Xa remata outro ano escolar e, como é costume, aquí está a nosa revista anual, *O Gherreiro*. Este ano os encargados de levar a cabo este labor fomos os integrantes do EDNLG, alumnos e alumnas de 4º, Zaira, Jesús, Irimia, Denisse, Nerea e David e de 3º, Lucas, Lucía, Xurxo, Fran, Rebeca, Alba, María Trillo e María Sendón, coa axuda de Mariluz, a nosa profesora de Lingua Galega e Literatura e coordinadora do equipo. Queremos darlle moitas grazas a Laura Velasco, a nosa profesora de debuxo durante gran parte do curso, pola ilustración tan bonita e artística que nos regalou, que como vedes, engalana moito esta nosa revista. Graciñas, artista!

Non foi sinxelo. Pois esta revista ten moito traballo, pero cada minuto invertido nela mereceu a pena con tal de que poidades recordar as cousas que sucederon neste ano. Por último, queriamos agradecer a colaboración de toda a xente que participou nela, á vez que vos animamos a seguir elaborándoa nos próximos anos.

Dende o EDNLG desexámosvos un bo e merecidísimo verán 2018!

Actividades do centro



Celebramos o magosto

Contado por unha castaña

Xa me dixeran que hoxe non había clase, porque era o Magosto e eu ía ser a protagonista. Cando soou o timbre do recreo todos os rapaces correron cara á cafetería para coller as pizzas e logo saíron para o patio.

O corredor quedou baleiro, pois todos estaban fóra, impacientes por que empezara o *pitcher* ata que os de primerio subiron á pista a competir. Gañaron os brancos (o equipo vestido de branco!). Despois, participaron os de segundo e así ata remataren todos os grupos, mentres se ían celebrando outros xogos populares.

Eu xa comezaba a poñerme nerviosa pois a miña hora chegara: primeiro sentín como me acoitelaron e aí comezou a miña tortura. De repente, vinme nun lugar escuro con furados nos que se atopaban moitas outras compañeiras e, daquela, comecei a sentir a calor na miña casca. Aínda podía ver como algunhas compañeiras xa estaban asadas e outras xa chamuscadas. Pouco a pouco fun deixando de sentir a dor. Só escoitei como un rapaz falou alí cerca e pediu algo. De repente, un cornete feito con papel de periódico atrapoume. Vin todo escuro ata que de alí a pouco vin como me arrancaban a casca queimada e a tiraban a un caldeiro do lixo. E xa non puiden ver máis.

A miña vida acabara, masticada por un humano cruel.


Maia Lestón Cambeiro, 2º B

Contado por unha mazá

Caín. Miña nai deixoume no chan. Pensei que as cousas no podían ir a peor, pero colléronme e metéronme nun camión e despois separáronme das miñas amigas. Metéronme nun cesto que colleron e leváronme para un lugar estraño onde pasei moitas horas. Alí, pasado o tempo, liberáronme da bolsa, sacáronme o corazón e as sementes. Colgáronme dunha corda xunto a outras compañeiras; unha delas era Xosé, a que tiña máis próxima. Mais non era eu a única que ía ser maltratada. Escoitaba como, non moi lonxe, os rapaces e rapazas estaban facendo cousas raras, torturaban unha pelota? Iso parecía, pois dábanlle golpes e corrían detrás dela.

E, ao pouco, comezou o peor. Uns humanos puxéronse en fila, emparellados e coas boas abertas cara a nós! Empezaron a comernos e aí foi cando vin a Xosé por última vez. Despois, todo se volveu negro.

Lois González Luaces, 2º B



Actividades
do centro

Actividades do centro

Xantar de Nadal e unha tarde diferente

Meu deus! Tantos anos agardando pola churrascada do insti e por fin chegou o día. Que emoción cando Elda chegou pola clase pedindo colaboración económica para poder realizar o tan ansiado xantar! Pedíusenos que pagásemos sete euros por persoa, que irían destinados, unha parte a pagar a comida e a bebida que se mercara e a outra, en beneficio do alumnado de 4º, para axudarlles cos gastos da súa desexada excursión. Quen os verá escalando pola Torre Eiffel!!

Este xantar de nadal tivo lugar o luns 18 de decembro, para despedir o primeiro trimestre de forma festeira. Participou todo o alumnado que tiña autorización dos pais e algúns profesores e profesoras. Colocáronnos en catro mesas grandes, unha por curso, e os encargados eran os de 4º de ESO que exercían de “maîtres”, supervisando todo e ocupándose de que ninguén quedase con fame.

O menú consistiu en churrasco e tortilla, ademais de refrescos, auga e pan e, de sobremesa, mandarina e anacos de torta de queixo e de mazá. O asado da carne correu a cargo dos profesores, que parecían sacados do “Masterchef”, só lles faltaba o gorro! E as tortas, que foi algo novidoso deste ano, temos que agradecerllas á Panadería

Parada de San Mamede, pois foi o seu agasallo para facernos un xantar máis doce. Estábanvos ben boas!

Ao acabar de xantar, todos axudamos a recoller as mesas e as cadeiras e recolocámolas nas aulas. Queríamos deixar preparado canto antes o ximnasio para as actividades da tarde: fútbol, cos nosos xogadores profesionais; brilé, dun nivel moi alto e karaoke cos mellores cantantes de toda Carnota. Nin que gañasen “La Voz”!

Despois dunha serie de duros enfrontamentos, estaba claro que no fútbol ían gañar os rapaces de 2º A e, por suposto, no brilé os “Rompehuesos” fixéronse co trofeo. Quen lle podería gañar a ese equipazo de 1º de ESO? Os premios consistiron en vales para a cafetería a cada un dos compoñentes dos equipos gañadores.

Por último, houbo unha competición de karaoke. Houbo moita expectación e bastantes participantes pero as gañadoras merecidas foron Andrea e Paula de 2º A, co tema “Rolling in the Deep” da gran cantante Adele. Elas tamén son grandes cantantes, seguro que xa recibiran algunhas clases de Malú!

A nós gustounos moito a actividade en xeral, xa que estivemos todos os rapaces e rapazas do instituto xuntos, participamos no que quixemos e resultou unha tarde distinta e divertida no centro.

Mara Lestón Leis e Oliva Marcote Pérez, 1º A

Xantar do Nadal



Entroido

O día 9 de febreiro celebrouse o Entroido no IES Lamas de Castelo. Celebrámolo disfrazándonos: os de 1º de "Pokemons e Pikachus"; nós, os de 2ºA, de turistas; os de 2º B, un baile da película *Grease*; os de 3º organizaron unha voda e os de 4º fixeron unha parodia dos profesores do centro. Estes participaban nun concurso ao mellor profesor do ano. Finalmente, gañaron os de 3º. A idea da voda pareceume moi orixinal e as vestimentas estaban moi logradas. E, os profesores, aínda que non competían no concurso fixeron unha escena sobre velutinas que atacaban unha abella, pero a esta salvouna un apicultor.

Os de 4º tamén fixeron unha cantina para recaudar

fondos para a súa excursión de fin de curso. Vendían chocolate quente, auga e refrescos, todo a un euro; e orellas de balde!

Gustoume moito este entroido. Pareceume moi divertido disfrazarme cos meus compañeiros e aínda que non gañáramos, considero que non o fixemos tan mal. Tamén me gustou ver as actuacións dos demais grupos, gocei moito con elas.

Fóra do centro, disfraceime coas miñas amigas de pallasas e tamén o pasamos moi ben. Estivemos no polideportivo de Carnota ata as oito disfrutando da comida e da música. Pode que non fora o mellor entroido da historia, pero paseino moi ben.

Paula Allo Lado, 2ºA



Actividades
do centro

Actividades do centro



Entroido

Un ano máis adiantamos a celebración do **Día da poesía** ao 23 de febreiro, por ser sábado e non día lectivo o día 24, data na que se conmemora o nacemento de Rosalía de Castro. Esta é a VIII edición no noso centro e, como novidade deste ano, colaboramos coa actividade proposta pola Asociación de Escritores da Lingua Galega (AELG) nomeada **#AbridelleAFiesta** a Rosalía. E, coa axuda artística de Laura -profesora de

Plástica- tamén abrimos a nosa. Deixámosvos aquí algunhas fotos das persoas participantes no noso recital poético. Graciñas pola vosa participación.

Equipo de Biblioteca, EDLG
e Departamento de Lingua Galega

Día da poesía e de Rosalía



Actividades
do centro

Actividades do centro

Neste curso 2017-18 comezaron a circular as nosas **Mochilas viaxeiras**. Hai unha por cada grupo de alumnado e cada alumno ou alumna dese grupo lévaa para a súa casa durante unha semana. A idea é a de achegar documentos de todo tipo para ler en familia. En cada mochila hai un lote variado de libros, revistas, películas e discos de música. Ademais, en cada mochila hai un caderno onde os distintos usuarios poden facer unha valoración, de o consideraren oportuno.

Realizáronse varias actividades para conmemorar o **25 de novembro, Día internacional contra a Violencia de xénero**. Unha delas consistiu en unirse á marea laranxa e vestirse desta cor. Quen aparece con algo

laranxa recibía de agasallo na cafetaría un zume de laranxa durante o recreo.

Organizáronse varios concursos na biblioteca, tendo en conta o éxito dos do curso pasado e tamén a solicitude por parte do alumnado.

O **I Concurso de adiviñas "Títulos+emoticonas"** na biblio realizouse nas datas próximas ao Día do Libro, do 17 ao 23 de abril, e consistía en adiviñar títulos de libros, cada día dous: un, da literatura galega; outro, da literatura universal. Os participantes (en individual ou parellas) debían adiviñar os títulos expresados en emoticonas. Este concurso tivo moito éxito e participación.

Tamén se convocou o **I Concurso de marcapáxinas "Para os libros"**, en abril, arredor do Día do Libro. Houbo moi pouca participación, quizais porque coincidiu nunha semana de moitas outras actividades, mais sempre hai alguén aí que responde. Parabéns!



Actividades na Biblioteca

Visita ao Pergamiño Vindel e á Cidade da Cultura

Neste artigo imos falar da excursión que fixemos para visitar o Pergamiño Vindel e, aproveitando a mesma, tamén a Cidade da Cultura en Santiago.

Fixémola o 21 de decembro, para pechar o primeiro trimestre. Fomos todo o alumnado do centro e acompañáronnos cinco profesores: Uxío, Norma, Elda, Mariluz e Marysol (a quen lle agradecemos que viñese de excursión no seu último día de traballo. Grazas, profe e feliz xubilación!!). A viaxe, aínda que tivo moito autobús, foi magnífica.

Primeiro de todo, fomos ao máis importante e motivo principal da excursión: coñecer o pergamiño de Martin Codax exposto na ría de Vigo, de onde era o autor.

Collemos un autobús en Carnota, no instituto, e levounos directamente a Vigo, ao Museo do Mar, un lugar que xa nos apetecía visitar por toda a historia canta ten e que estivera moi presente nas clases de galego.


Amos moi informados e con ganas de ver o esperado pergamiño, unha gran oportunidade, xa que actualmente está en mans da Biblioteca Morgan de Nova York. Este pergamiño é un documento do século XIII, unha xoia da nosa literatura e da música, pois contén as sete cantigas de amigo de Martin Codax e agora,

grazas a ser exposto aquí, fomos dos primeiros afortunados en velo cos nosos propios ollos, en directo, cousa que nunca antes sucedera en Galicia.

Ademais deste anaquiño da nosa literatura, sorprendéunos que había moita máis materia na exposición. Na mesma sala había un ambiente con todo tipo de elementos medievais, de culturas importantes como a grega, a latina, elementos da música medieval, da escultura e arquitectura... e que moitos de nós xa coñeciamos polas clases de Historia. Foi moi interesante xa que, con esta visita guiada, lográbamos recordar moitos dos nosos coñecementos e serviunos para nos dar de conta de todo o aprendido durante estes cursos no IES Lamas de Castelo.

Á parte desta sala dedicada ao Vindel, o Museo é unha instalación xigante, cunhas magníficas vistas das Illas Cíes, increíbles. Había salas de gran interese, que nos facían transportar a outra época, onde poder ver barcos, historias de persoas importantes, os peixes do máis fondo e escuro do mar en botes etc.

Tivemos oportunidade de visitar un típico médico da Idade Media que, nos explicou algunhas das técnicas de curación da época. Tamén visitamos o acuario, pe-



Saídas
do centro

Saídas do centro



queno pero interesante, e o faro. E, ao pé deste, aproveitando que fixo un día moi soleado, comemos todos xuntos alí, abrigadiños, e contemplando as vistas da ría: as Cíes, Cangas, a ría e mesmo intuír a Illa de San Simón, alá pola Enseada de San Simón... paisaxes todas elas propias das cantigas e moitas delas das cantigas de Martin Codax.

En xeral, gustounos moito, máis do que pensabamos, pois foi unha oportunidade única para ver ese pergamiño que non vai volver a súa terra ata datas moi lonxanas, ou quizais nunca. Agradecemos, polo tanto, esta excursión, e volveríamos sen dúbida!

Xa pola tarde, e para completar a xornada, paramos en Santiago e fomos coñecer a Cidade da Cultura.

Deste lugar sorprendéronnos moito os edificios que, desde fóra, xa se ven moi artísticos, con formas estrañas, enormes, todos brancos, con poucas liñas rectas, con curvas polos tellados, con grandes espazos... Mentres uns compañeiros visitaron os edificios que a compoñen, nós fomos ver unha exposición que combinaba pinturas de Antón Lamazares, con poemas de Uxío Novoneyra. De toda a visita, a subida libre aos tellados foi o que máis nos gustou.

Lucía Carballo Lado e Mario Costa Beiro, 3º A



Unha muller loitadora que pelexou contra o cancro



BIOGRAFÍA:

Nome: Concha

Apelidos: Siaba Gallego

Oficio: T.S.D.I Radioloxía

Data de nacemento: 1978 (actualmente 40 anos)

Lugar de nacemento: Unha pequena parroquia da provincia da Coruña (Muros)

Na miña opinión, é unha muller loitadora con moitas ganas de vivir. Unha muller humilde e valente que sempre lle planta cara ás adversidades da vida. Unha MULLER exemplar.

Como reaccionaches cando che descubriron o tumor?

"En shock". Pensei que a doutora se equivocara, pero co paso do tempo aceptas a realidade.

Con cantos anos cho descubriron?

O primeiro con 28 anos e o segundo con 33 anos.

Levaches ben o tratamento da quimioterapia? Que foi o peor?

Vaise levando, son 6 meses duros nos que tes que aceptar as transformación físicas e psíquicas.

Nun principio, o que máis medo me daba era a caída do pelo, pero despois vas valorando que o máis importante é a saúde.

Pensaches algunha vez en renderte ou en que non o ías superar?

En renderme non, en que non o ía superar si. Porque me diagnosticaron por segunda vez outro tumor. Pero co paso dos días aceptei que só quedaba o camiño da loita.

A túa familia e os teus amigos foron un gran apoio? Destacas algún?

A familia é fundamental e os bos amigos son moi necesarios, pero destaco o apoio fundamental do meu home que

nunca se rendeu e sempre aceptou os cambios físicos como algo natural.

Aprendiches algo con esta experiencia?

Aprendín moito. Aprendín a valorar as cousas máis pequenas e que todos temos ó alcance das nosas mans. Tamén aprendín a racionalizar as causas e darlle importancia ao que realmente a ten.

Cal foi a túa reacción cando che dixeron que o superaras?

Alegría, pero ao mesmo tempo medo de que volvea a aparecer.

Que consello lles darías ás persoas que teñan que pasar por esta enfermidade?

En primeiro lugar, que se centren dous minutos en pensar en cal é o mellor camiño para saír adiante neste problema.

En segundo lugar, que se deixen aconsellar pola xente do persoal médico, que sempre di as cousas polo noso ben. Sentir confianza con eles é moi importante.

En terceiro lugar, pensar que nun período non tan longo vas volver á vida normal, con consultas médicas... Asumir que é unha situación difícil pero superable e que ao final sáese adiante.

E, xa para rematar, quero dicir que cando recibimos unha noticia deste tipo o maior medo que temos é ao que nos vai vir, ao que nos imos enfrontar porque o descoñecemos. Pero eu penso que, despois de pasar por dous cancros de mama, na loita está a metade da túa cura. Debemos ser positivos e enfrontarnos á situación da mellor forma posible, debemos apoiarnos na xente que queremos e intentar coidarnos moito para saír adiante.

TOD@S XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES!!!

Mariña Siaba Rama 2ºB



Entrevistas



Luz Oliva Marcote Pérez e Aarón Malvárez Pérez (1º A) entrevistaron aos seus avós para saberen como eran as escolas antigamente. A maioría das respostas son comúns ou moi similares, pero cando non o son, aparecen diferenciadas como ELA ou EL.

ELA

Nome: Josefa Oliva

Apelidos: Pérez Cambeiro

Data de nacemento: 1930 (actualmente 88 anos)

Lugar de nacemento: Carnota

EL

Nome: Manuel Antonio

Apelidos: Malvárez Cambeiro

Data de nacemento: 1927 (actualmente 90 anos)

Lugar de nacemento: San Mamede

Cantas escolas había onde ti vivías?

ELA: Eu vivía en Carnota e había dúas escolas, unha de homes e outra de mulleres. A miña estaba no Concello.

EL: Había varias escolas na parroquia de San Mamede: en Canedo, en Vilar, no Viso e tamén na Rateira. Eu empecei na de Canedo, que era a principal de todas; despois fun á de Vilar e tamén á de Fetós, que era particular. Estas escolas todas eran en casas particulares, nos salóns, pero estaba todo moi ben preparadiño e limpo, para podermos estudar a gusto.

Os rapaces e as rapazas estabades xuntos?

Non; estabamos separadas as mulleres dos homes.

Como eran os castigos?

ELA: Os castigos podían ser físicos (unha labazada, unha vareada dada coa regra...) ata ignorarnos toda a xornada.

EL: Cando nos castigaban ou ben nos pegaban ou pechábannos no cuarto escuro.

Como chegabas á escola?

Iamos andando, a pé.

Gustábache ir á escola? Por que?

Si, gustábame moito, basicamente porque me gustaba aprender e, ademais, era a única maneira que tiña de liberarme dos traballos da casa.

Comiades alí?

Non; só merendabamos alí. Levabamos laranxas, borra, figos pasos...

Que materias estudabades?

ELA: Faciamos contas, practicabamos caligrafía, aprendiamos ríos e cabos, falábannos sobre os animais, tiñamos clases de costura... había algo parecido ao que vós lle chamades ximnasia, que eran estiramientos e coordinación e, dous días á semana tamén tiñamos catequese.

EL: Tiñamos matemáticas, lingua e tamén estudabamos os mapas.

Tiñades moitos libros?

Non ho; levabamos da casa un caderno e unha pizarra co seu pizarrillo.

Había moitos exames?

ELA: Só tiñamos en dúas épocas: na primavera e no inverno.

EL: Había exame case todos os días.

Tiñades mestre ou mestra? Cantos?

ELA: Tiñamos dúas mestras pero nunca estaban xuntas na clase.

EL: Tiñamos mestre. Estabamos separados por sexos: as rapazas coas mestras e nós, cos mestres.

En que lingua vos falaban? E os alumnos?

As mestras falábannos en castelán e nós falabamos como podiamos. Un pouco en galego e o resto en castelán.

As mestras e os mestres eran de aquí?

ELA: Si. As mestras que eu recordo eran de Carnota.

EL: Non me acorda de onde eran; penso que os das escolas pequenas, debían ser de aquí.

Cantos erades na clase?

ELA: Eramos unhas corenta rapazas no grupo.

EL: Xa non me acorda, pero eramos ben deles. Daquela, había moitos rapaces nos lugares.

Canto tempo iades á escola? E ata que anos?

ELA: As clases eran de luns a sábado, polas mañás e polas tardes. E tiñamos entre os 8 e os 14 anos.

EL: Eu recordo que empezabamos a ir con catro ou cinco anos e acabábase aos catorce.

Como describirías a escola por dentro? E por fóra?

ELA: As mesas da escola eran unhas táboas corridas, ao igual que os bancos; a única mesa que estaba soa e separada era a da mestra. Nas paredes había mapas e tamén un taboleiro de pizarra grande no que a mestra escribía. A escola estaba na planta baixa da casa do Concello. Tiña un pequeno patio de area, rodeado dunhas árbores enormes onde xogabamos ao pinchín, a tela, o castro, a corda...

EL: Algunha das escolas ás que fun eran os salóns das casas, ben arrombadiños e limpos. E nos recreos, aos rapaces gustábanos xogar a tirar pedradas entre nós.

Tiñades moitas vacacións?


Tiñamos un mes no verán e no nadal, só os días festivos.

Que opinas da nosa educación? Pensas que cambiou moito?

ELA: Vós sodes uns privilexiados en comparación con nós; tedes de todo menos respecto. Antes as mestras ensinábannos educación e nunca se lles contestaba mal e hoxe parece que sodes todos iguais, tanto os mestres coma os rapaces e rapazas.

EL: Eu creo que a vosa educación é mellor cá que nos daban a nós. Creo que a cousa cambiou moito e a min paréceme que agora é máis difícil ca nos nosos tempos.

E que, que vos pareceu? Se les tes con atención, xa vedes como as cousas foron cambiando un pouco. Cada un de vós podería pensar se todos os cambios foron positivos ou non. Pero claro, iso xa é cousa vosa.



Entrevistamos os avós sobre a súa escola

Alonso Caxade, músico e mestre



Caxade é o grupo musical do músico galego Alonso Caxade, que comezou a súa andaina no ano 2012. A súa música é de estilo indie-folk. Todos os seus traballos están editados nun pequeno selo discográfico chamado Discos da máquina. Todo comenzo coa composición de temas e gravación de videoclips subidos á rede: “Dança dos Moscas”, “Gente Pota” e “Sr. Xorda”, que tiveron moi boa acollida de crítica e público. De aí, foi xurdindo a formación definitiva de músicos que compoñen actualmente Caxade: Manu Paino (trompeta e teclado), Manu Espinho (bombardino e trombón), Xosé Tunhas (batería) e o propio Alonso Caxade (voz e acordeón).

Sabede que Caxade foi o encargado de lle poñer fondo musical ao vídeo promocional de turismo do Concello de Carnota. Ademais, o pasado 31 de marzo, Caxade estivo no noso concello en concerto, durante o Vindemo Ver.

Entrevista a Caxade:

1- Cal é a túa especialidade no ensino?

A música.

2- Como compaxinas a música co teu traballo? Resultache fácil ou difícil?

Para min son dúas paixóns ; gústame moito a docencia e tamén a música, polo que son moi fáciles de compaxinar, non me resulta un esforzo. Non me imaxino sen facer unha das dúas cousas.

3- Como che xurdiu o interese pola música?

Desde moi pequeno. Desde os 6 ou 7 anos o meu primeiro contacto coa música foi grazas á tradición musical galega na Escola de Músi-

ca Tradicional do Concello de Ames. Máis tarde na Agrupación Folclórica “Os Castros de Ames” e posteriormente noutros grupos tradicionais, folk, etc. Na adolescencia intereseime tamén polo acordeón e estudei no Conservatorio de Música de Pontevedra. Estiven tocando en moitos grupos de diferentes estilos ata que decidín lanzar un proxecto persoal coas miñas músicas e as miñas letras, onde se aglutina todo o que levaba vivido na música. Iso é Caxade.

4- A túa familia apoiouche nisto da música?

Sempre. Foi quen me carrexou dun lado para outro, de actuación en actuación e de ensaio en ensaio ata que eu puideren ir só. Sempre me sentín acompañado nisto.

5- Como se formou o teu grupo?

Fun creando músicas e letras na casa e un día, sen pensalo moito, decidín facer un vídeo para subilo ao youtube a ás redes sociais. Todo o que soaba gravárao eu na casa (acordeón, voz, bombardino, trompeta etc). Como tivo aceptación, subín outro e así ata que no terceiro vídeo subido a xente xa demandaba concertos. Pero eu non tiña nin músicos. Nese momento chamei a Manuel Paino, Manuel Espinho, e a María da Pontraga e esa foi a primeira formación Caxade.

6- Cal foi a primeira canción que compuxeches?

A “Dança dos Moscas”, que é a que tamén lle dá título ao primeiro disco.

7- De onde vén a inspiración para as túas cancións?

Do día a día. Das cousas que me acontecen a min, á miña familia e ás persoas coas que teño a sorte de convivir, e do gusto pola metáfora, a retranscrición e as fábulas.

8- Pensaches en deixar a túa profesión pola música?

Non. Como falabamos ao comezo desta entrevista, non me imaxino só facendo unha das miñas dúas paixóns.

Con axuda de alumnado voluntario de 1º ESO, fixemos unha gravación do texto conmemorativo do Día do libro de Fran Alonso, que montamos con música de fondo de Caxade, quen moi amablemente nos autorizou para o seu uso. A canción foi “Sanduicheira”, do seu álbum E isto é o amor, que collemos da biblioteca.

Moitas grazas, pola entrevista, e tamén por permitirmos utilizar a túa música para a nosa montaxe de lectura!

Equipo de Biblioteca/ Alumnado de ITI de 2B
(Mariña, Sofía, Claudia, Maia e Daniel)



Entrevistas

Carnota, 18 de outubro de 2017

Odiado Xabier:

Non me gustan as despedidas... pero neste caso é o único que podó facer.

Cando te coñecín naquela festa de San Mamede, eras un rapaz bo, amable, simpático, guapo e divertido. Comezamos a saír e eu era a muller máis feliz do mundo! Pero ti empezácheste a obsesionar comigo: non me deixabas relacionarme con outras persoas, nin ir de paseo coas miñas amigas, non podía poñer saia curta nin camisetas...nada, se non estabas ti. Así que tiven que facelo, cortei contigo. Foi moi duro para min, pois tiven que afastarme de ti e perder contacto contigo.

Pero, co tempo, cambiaches, deixáchesme en paz e seguiches sendo ti (unha boa persoa).

Cando fixen os 18 anos intentei darche outra oportunidade, pero desta vez foi peor... chegaches a agredirme física e psicoloxicamente.

Eu queríate, pero sempre que tiña algunha amizade ou contacto con alguén ou algo che parecía mal, pegábasme unha boa malleira. Pero eu resistía, porque te quería e pensaba que podías cambiar... que era por culpa miña... que me portaba eu mal...

Ata que dous anos despois, a miña familia decatouse do que me facías (non entendían o meu afastamento da familia... o meu carácter arisco... e un día viron unhas pequenas mazaduras no meu brazo...) e decidiron chamar a policía para que investigaran. A xustiza condenoute a un ano de prisión por maltrato de xénero. Mentres ti estabas no cárcere, eu recapacitei e, por fin, entendín que eras unha ameaza para min, e para todas as mulleres, e que non te debería volver a ver.

Pasou un ano e saíches da prisión e viñeches a por min. Rompiches a ventá, a porta e tamén o meu corazón. Así que tiven que fuxir, afastarme da miña familia, pola túa culpa. E agora estou aquí, vivindo a miña vida, lonxe da miña Galicia. Esta é a derradeira carta que che vou mandar, a última vez que saberás de min.

ATA NUNCA.

Laura.

Ramón Manuel Cortizo Vázquez, 3º A

25N: Cartas contra o maltrato



Ola a todas,

Son María e escribovos esta carta dende o corazón e espero e desexo que vos sirva de axuda a todas aquelas mulleres que non esteades seguras, que vivides encadeadas, a aquelas que non vos recoñecedes cando vos vedes reflectidas diante dos espellos, a aquelas que chorades en silencio. Si, a aquelas que teñen as almas partidas, si, e a ti tamén. Si, ti, a que mira pola ventá coma se non fose con ela, que aínda que non teñas a valentía para ollarme sei que me necesitas. Quero que saibas que che vou axudar.

O primeiro que che quero dicir é que eu vou estar sempre ó teu lado para axudarte a recollerte cando caias, porque sei que vas caer, sei que vas ter momentos de virte abaixo e de querer deixar todo... Seino. Sei que vai pasar, pero tamén sei que hai que seguir, hai que tirar para adiante, hai que ser libres e hai que vivir, que a vida non é de cor gris. Quero que saibas que a vida é de cores, si, si de cores, de cores bonitas e fascinantes.

Antes de nada, o que tes que facer é buscar o medo, sabes cal é, verdade? Ese amigo incondicional que xa leva tempo contigo, que é parte de ti, que está aí dentro túa; xa o atopaches, verdade? Ese é fácil de atopar. Agora cólleo con forza, arríncao ben coas dúas mans e bótao fóra, con toda a túa forza, tírao lonxe, moi lonxe, o máis lonxe posible, está? Que tal te sentes? Rara, verdade? Sénteste máis lixeira, como se sacases unha pedra de encima, unha que che oprimía o peito e non che deixaba respirar ben. A que agora che entra máis aire os pulmóns? Sabes por que te sentes así? Porque xa deches o primeiro paso: xa tes o "L".

De seguido, vai o armario e vístete co que che apeteza, co que ti queiras e toma o tempo que necesitas, non hai présa... Que, como te ves? Gústache, verdade? Canto tempo hai que non te ves así? Seguro que nin te acordas... Con isto acabas de conseguir o "I". O terceiro que tes que facer é poñerte diante do espello, mírate ben. Que? Si, es ti, aí detrás desa mirada triste, dese sorriso borrado estás ti, verdade? Acabas de verte despois de moito tempo e con iso, logras o "B".

Recolle as túas cousas, as máis necesarias, o básico... Colle a maleta e sae pola porta, non o dubides. Unha vez que poñas o pé fóra non mires atrás, non o fagas, é un momento duro, decisivo pero dígoche unha cousa: "Hai que vivir o presente, non o pasado nin o futuro!". Obxectivo conseguido. Xa tes o "R". Xa case está, xa case o conseguiches, veña, así! Se forte, non te rendas agora. Nós somos mulleres e nunca nos rendemos. O seguinte paso é ir á policía e pór a denuncia. É duro, xa o sei, pero veña, vamos! Non perdas máis tempo en lamentacións, iso acabouse, adiante, que ti podes! É a túa vida e tes que loitar por ela.

Cando chegues alí pregunta pola persoa que leva o tema. Aparecerá alguén que te vai axudar en todo, vaite escoitar, e logo vaite poñer en contacto coa xente que de verdade che axudará a emprender a túa nova vida. Unha vida completamente diferente á que ti coñeces. Si, a outra parte da vida, a dos sorrisos, a da alegría, a da liberdade. Cando firmes a denuncia consigues o "E". Con todo iso acabas de ser "LIBRE", si libre, sen cadeas, sen pesos que non te deixan respirar, sen medo.

O máis apreciado que temos as persoas é a liberdade!

Querida amiga, sei que non vai ser un camiño fácil, pero é un camiño que nos leva a un bonito destino, a felicidade. Que ben soa, verdade? Quero que saibas que ese lugar existe de verdade. Ánimo, sé valente, non te rendas e loita!

Todos merecemos ser felices e ti tamén.

Un bico moi grande dunha persoa que por fin é libre e feliz.

María

Antía Formoso París, 3º A

**ESPAZO
LIBRE DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS**

EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENCIA

Os nosos traballos

Concurso de fotografía



1º premio: Naroa Fernández Freire (1º)
Praia de Carnota vista desde a subida á Moa

2º premio: Claudia Ovies Lariño (2º)
Atardecer na Berberecheira de San Mamede

3º premio: Xurxo París Trillo (3º)
O muíño, unha das construcións típicas da zona.

Fotografando Carnota e a súa contorna

Humor na clase de francés

Le bêtisier des classes

Pareceranvos certas ou non, pero todas estas “perlas” foron recollidas nas clases. Omitimos os nomes e grupos dos autores que máis ou menos intencionadamente fixeron o esforzo de provocarnos a gargallada colectiva. O noso agradecemento a todos e todas pola súa “inspiración”!

(Un alumno, vendo a expresión Kw/h) «Isto son calorías, non? - (respóndenlle) A túa factura da luz vénche logo en calorías por hora??»

«Que é “DIMANCHE”?» - «De la Mancha!»

«Que vén despois de “Ê-TRE”? - É... QUATRE!!»

«O A vén despois do B (?!??)»

«Seguro que “FAIRE*” é fogo.» [* (fr) FAIRE= facer / (ingl.) FIRE= lume]

«Haille que falar ao titor destas COMPORTACIÓNS...»

«Estou cun ictus deses» [referíase a LAPSUS]

«Que é “FROMAGE*”? Unha rana?» [*FROMAGE= queixo!]

«...que son, zapatos para facer “twerking”?? (por trekking)»

«Que é un OSTEÓPATA? ... o que che dá hostias ata curarche!»

«“PLUTÔT*”... non era o can de Micky?» [Plutôt*= máis ben]

«Caeulle a dignidade...»

«A enfermidade queda na casa»

«(a profe) Como se di aguacate en galego? - AUGAcate!»

«(un alumno) Que é unha ANTOLOXÍA? (a profe)...LOGÍA (de logos)= ciencia, estudo... e ANTHOS? - ‘ANTO’ é antes da ciencia»

[Nun exame] «Que fai un elefante no medio do exercicio? - Ai non, que pon “enfant”!»

«PAQUEBOT é transatlántico (a profe)- (o alumno) “Transatlántico”? E logo non van polo Pacífico...?»

«DJ Ties...tonto!!»

«A purpurina véndese por kilos?» «...(pola compañeira) Esnifou purpurina!»

«(A profe) tendes os PREFIXOS, os SUFFIXOS, e o INTERFIXOS... a todo iso, como lle chamades? - POPURRÍ!!!»

«Que significará QUELQUES FOIS*?» (A profe) - (responden) «ALGÚN FÍGADO*!!!» [* FOIE= fígado /FOIS= vez]

«Mozilla, mozilla... mozilla, mozilla...!!!»(cantando como Dora a exploradora)”



“Chorar da risa”: Foto de Robert S. Donovan. Anderson, SC, USA - CC BY 2.0,



“Homes rindo”: Foto de Edward Ardizzone - Dominio público, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=25289442>

Humor

I PS. I POUBJT

6/ Sf dvst p obssbjvp rvf dpot jt uf ob eft dvcf sub qps qbsf evoi b qf st pobyf ef ebupt f t f odjbjt eb t Vb jef ojebef -
ef t f s f t r v f sjept pv ep t f v bn c j f ouf -pdv r p t q b s b f r b /
7/ Bqbsf mp g j p ef w j n c j p t -w s h b t -b s b n f -d p s e b f u d / - r v f t f n r f t d p r p d b o p g o d j T p b p t b o j n b j t q b s b r v f o p o
u s b c f o p v q b s b r v f o p o d p n b o d b o e p o p o e f c f o /
8/ G s j p e p b n c j f o u f /
: / Q f { b f t u s f j u b e f n b e f j s b r v f - d p r p d b e b o v o g y s b e p r v f i b j o b q b s f b o u f s j p s e b d b c f { b r n b e p d b s s p p v e p b s b e p -
t f s w q b s b t v y f j u b s f t u b b p y v h p /
24/ Q r b o u b t j n w t u s f) E j h j b r j t Q v s q v s f b * e f u b r p f s h v f j u p - g o r b a t c b t b j t f j o - p s f t d f o d j b e f b u b u s j o u b d f o u n f u s p t e f
b r o p d p o o v n f s p t b t - p s f t d p o g s n b e f b r f g s h b - d p s p r b e f d p s q / s q v s b p v s p t b e b f j o u f s j p s c s b o d p q v o u f b e p e f
w f s n f m p /
28/ S b q b { r v f d p n f u f q f r v f o p t f o h b o p t p v g s b v e f t d p o i b c j r j e b e f f t f o n b r j o j b /
29/ . b u f s w b r p c s f w e f t p m o v o e i b d i v v j p t p /
2: / Q f { b t e p w t y b s j p q b s b d v c s j s b n b o - y f s b m f o u f e f e p q p s e f e p /
31/ T i n c p r p) \$ * r v f b q b s f d f o u f d r b e p t f f o b a r j r b d j A o t j o g s n o j d b t d p o e j w s t b t g y o d j A o t /
32/ B d d j A o f f g d u p e f s f d i p v d i j b s /

WFSUDBJT

2/ D b e f b r v f q f o e v s b e v o i b v j h b p v f r h n f o u p t j n j r b s t j u w b e p o p b r o p e b r b s f j s b - d v o h b o d i p o b q b s f j o g s j p s q b s b
t v y f j u b s p q p u f t p c s f p m n f /
3/ B d d j A o p v f g d u p e f q f e j s p v f t j y j s v o i b d p v t b o r v f t f d s f u s e f s f j u p /
4/ F t g s b p d b e f n f u b r p v e p v u s p n b u f s j b r a d v o i b q f r v f o b b c f s u s b - r v f r f w b e f o u s p v o i b p v w b s j b t c p r j f b t f r v f -
b p t f s b y j u b e b - q s p e v d f t p o /
5/ M o h v b q b s j d v r b s f q s p a j b e f e f u f s n j o b e p t p / d j p t - f t q f d j b m f o u f b e p t b v / b e p s f t f q b s b v h v f j s p t - v j r j e b e b d p o
v o b r j e b e f d s i q u j d b p v f t p u A s j d b /
6/ O b t q r b o u b t - c p u b s h s p n p t /
9/ T j o A o j n p e f u p c p h o o p v f t w b s b e p j s p /
21/ B q b s f m p g s n b e p q p s v o t p q p s f e f n b e f j s b b a p j b e p f o e / b t w b s b t h s p t b t q b s b r f r b t - r v f t f s w q b s b
u s b o t q p s u s v o i b d b s h b t p c s f p p n c s f j s p f o u s f w b s j b t q f s t p b t /
22/ F t u b e p e f o o j n p p v t f o i j n f o u p e f q s b d f s r v f q s p e v d f v o t v d f t p g o v p s b c r f /
23/ B d d j A o n o y j d b r v f q s p v p d b b r h / b o b d p o u f d f n f o u p p v d f s u p t f g d u p t o v o i b q f s t p b - o v o b o j n b r f u d / - q p r p y f s b m
o f h b j v p t /
25/ R v j u b s b i v n j e b e f e f b r h p /
26/ W b s j f e b e f e f n b { o e f g s n b b r p o h b e b /
27/ N A u p e p e f q s f t f o u b d j A o e b j o g s n b d j A o o b q b o u b r b e v o p s e f o b e p s - e f n b o f j s b r v f p v t v b s j p q p e f n j o j n j { b r b
p v n b y j n j { b r b f t f r h d d j p o b s p r v f o f d f t j u f q b s b u s b c b r b s d p t e b u p t r v f d p o u A o /



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Gústannos os animais!!!

Pequena selección de fragmentos de traballos realizados polo alumnado de TTT de 2ºA.



Medusas

Estase a falar moito delas nos medios de comunicación, dada a súa proliferación en zonas ata agora inusuais, e polos riscos que implican para os bañistas das praias. Velaquí unha moi famosa:

Carabela portuguesa (*Physalia physalis*). Vive sobre todo no océano Pacífico e nalgúns zonas do Atlántico e do Pacífico. A diferenza do resto, esta medusa ten a maior parte do seu corpo flotando sobre o mar. Ante a ameaza dos seus depredadores, é capaz de desinflar a súa bolsa tan peculiar e mergúllase para dar a sensación de que está morta. A súa picadura é moi velenosa! [feito por Paula Allo].

Gatos

Existen moitas razas deles, pero... sabíades que...?

O bobtail xaponés é unha raza de gato doméstico cunha cola curta semellante á dun coello, a diferenza das outras razas de gato que teñen colas longas. A desta raza débese a un xen recesivo.

Munchkin. É unha raza de gato orixinada por unha mutación xenética natural e mantida por cruzamentos selectivos, que dá gatos con pernas máis curtas do normal. Porén, a pouca lonxitude das súas pernas non parece interferir nas súas habilidades á hora de correr e saltar.

O que todos coñecemos, gris e con raías, ten nome científico propio (*Felis silvestris catus*), e é chamado comunmente «gato romano». [Jara Lago].

Oso polar

A aparencia branca desta especie débese unicamente á cor da súa pelaxe, xa que a súa pel é en realidade de cor moi escura. O oso polar é o mamífero carnívoro terrestre máis grande do mundo. O macho pode chegar a pesar unha tonelada. A femia, porén, é moito máis pequena: pesa arredor da metade! [Xoán Beiro].




Animais que brillan na escuridade: bioluminiscencia e fluorescencia

Chámase «bioluminiscencia» á produción de luz de certos organismos vivos. A súa función pode ser: camuflaxe, atraer as presas, defensa ante depredadores, distracción, comunicación... Hai moitos exemplos de animais que a teñen, dende peixes, medusas... ata os coñecidos vermes de luz ou lucecús. Un exemplo é esta raia amarela (*Urobatis ja-maicensis*) que se ve na foto.

«Fluorescencia», polo contrario é un tipo particular de luminiscencia, que caracteriza os corpos que absorben enerxía en forma de radiación electromagnética para reflectila. É dicir, que non «crean» luz, só a reflecten moito.

Todos os escorpións emiten unha fluorescencia cian cando os iluminan con luz ultravioleta. Os biólogos que estudan os escorpións tiveron a posibilidade de observalos pola noite, grazas a lámpadas de «luz negra». [Adriana Baños].



Concurso de estatística no Lamas do Castelo.



Fotos da recollida de datos.

Os alumnos e alumnas de segundo da ESO do IES Lamas de Castelo inscribíronse no VIII Concurso Incubadora de Sondas e Experimentos que organiza a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) para estudantes da ESO.

En representación de ditos cursos, o profesor – titor do proxecto, Juan R. Cancela, seleccionou os/as alumnos/as:

PAULA ALLO LADO (2º ESO A)

ANDREA BEIRO PÉREZ (2º ESO A)

LEONARDO CAAMAÑO TAJES (2º ESO A)

LÚA RICO RODRÍGUEZ (2º ESO B)

O estudo a levar ao cabo, foi probar que lanzar un dado ao aire, non só é un experimento “azarístico”, senón que facendo uso de ferramentas matemáticas adecuadas, podemos predicir o resultado que se vai obter.

No proxecto colaborou xunto o Departamento de Matemáticas todo o alumnado do centro.

Houbo participantes do grupo de traballo que se queixaban de que algún membro deste apuntara mal o resultado, o que demostraba o interese e empeño que puxeron no proxecto. Formáronse varios grupos de traballo para a recollida de datos. Cada un deles traballaba de forma independente, sen saber se o recuento de cada un tiña un común denominador. O bonito do proxecto foi comprobar se esa recollida de información ía coincidir coa feita con cálculos probabilísticos. É dicir, se estudo empírico e teórico coincidían.

Foi unha festa observar o entusiasmo por parte do alumnado á hora de recompilar datos para, posteriormente, darlle corpo e calor aos fríos números, agrupándoos para a construción de táboas e gráficas estatísticas, e máis ledicia supuxo o asombro que lles causou o desenlace do proxecto.

Neste “mundo”, tirar un dado ao aire, antes ou despois, pode marcar o resto dos segundos que nos quedan de vida.



Fotos da análise
e depuración de datos.

Os nosos traballos

Os nosos traballos

No segundo trimestre deste curso, concretamente en xaneiro, elaboramos unha enquisa para preguntarlle a todo o alumnado do instituto cales eran as series máis vistas. Deste xeito, soubemos tamén por que as ven, onde e porque lles gustan.

Cales foron as series que vistes neste curso?

As series máis vistas polo alumnado do IES Lamas de Castelo foron: *La que se avecina* (34), *Stranger Things* (22), *The Big Bang Theory* (15), *Los Simpsons* (10), *The Walking Dead* (9) e *Por trece razones* (9). O número que aparece ao lado de cada título indica o número de persoas que a escolleste. A continuación explicaremos un pouco de cada unha.

***La que se avecina*:** É unha comedia que se basea nos problemas cotiáns que poden ter os veciños nunha comunidade, Mirador de Montepinar. Caracterízase por satirizar con humor negro as relacións de convivencia entre os veciños dunha comunidade a través das historias e situacións surrealistas que lles ocorren os protagonistas. A serie ten 10 temporadas. Está pensada para público mozo e emítase na canle de televisión Telecinco.

***Stranger Things*:** Narra unha historia que trata sobre a desaparición dun neno, na cidade de Indiana, que destapa os estraños sucesos que teñen lugar na zona. O neno desaparecido é Will Byers. Ao pouco, aparece Eleven, unha nena aparentemente fuxitiva, con poderes telequinéticos. Esta encóntrase con Mike, Dustin e Lucas, amigos de Will, e axúdaos na súa busca. Está ambientada nos anos 80. Ten 2 temporadas e diríxese a público adolescente e adulto. É unha serie coproducida e distribuída por Netflix.

***The Big Bang Theory*:** Leonard e Sheldon son dous físicos que com-



A cousa vai de... Series!

parten traballo e apartamento. Estes dous personaxes, xunto aos seus amigos Howard Wolowitz e Rajesh Koothrappali, representan a uns *geeks* (termo que se refire ás persoas que están fascinadas coa tecnoloxía e a informática), moi afastados das inquietudes da xente común. É unha comedia de 10 temporadas que se emitiu en varias cadeas de televisión.

The Simpsons: Narra a historia dunha peculiar familia e outros personaxes da localidade de Springfield. O pai, Homer, é un desastroso inspector de seguridade nunha central nuclear; a nai, Marge, é ama de casa; un fillo, Bart, intenta divertirse facendo mil traxadas; unha filla, Lisa, que é a máis intelixente e a outra, Maggie aínda é un bebé. Emítese na televisión e ten 25 temporadas.

The Walking Dead: Conta a historia dun pequeno grupo de sobreviventes a unha apocalipse zombi. A primeira temporada tiña lugar na súa maior parte na área metropolitana de Atlanta; en cambio, da segunda á cuarta, no norte de Xeorxia. Nestas o grupo anda á procura dun lugar seguro no que refuxiarse dos zombis. A trama céntrase principalmetne nos dilemas que o grupo enfrenta na súa loita por manter a súa humanidade no medio dos cambios que día a día acontecen nun mundo hostil.

Por trece razos: É un drama dirixido á sociedade moza, na que trata todos os conflitos entre os personaxes relacionados co bullying e o machismo. Tamén se fala de cuestións sociais e de diversidade en relación co amor e a homosexualidade, tratados de unha forma natural. O tema principal é case tabú, o suicidio.

Cales foron as series que máis che gustaron?

As series que máis gustaron foron *La que se avecina*, *Stranger Things*, *Mentes criminales*, *The Walking Dead*, *El accidente*, *Friends*, *The Big Bang Theory*, *Prison Break*...

Mentes criminales: é unha serie que trata sobre uns axentes do FBI que resolven diferentes crimes. Amona o traballo dos membros do equipo da Unidade de Análise de Conduta do FBI, un grupo de investigadores de diversas ramas da criminoloxía que se dedica a facer análises psicolóxicas e criminolóxicas a criminais para facilitar a súa captura.

El accidente: trata sobre un accidente de avión no que, entre outros pasaxeiros, supostamente viaxaba José Espada, un modélico pai e esposo, responsable dunha pequena empresa familiar. Porén, o seu corpo non aparece e ninguén sabe del. A súa muller comeza unha desesperada busca. Nin el nin ela sabían o mundo co que se estaban relacionando.

Friends: trata sobre a vida dun grupo de mozos residentes en Nova York, que queren pasalo o mellor posible. Suceden tanto bos como malos momentos pero sempre desde unha crítica cómica aos temas máis transcendentais da actualidade.

Prison Break: trata sobre un home que condenan injustamente por un asasinato e o seu irmán comete un roubo para entrar na mesma prisión e organizar unha fuga. A partir de aí suceden diferentes problemas que terán que ir resolvendo.

Que series recomendarías a rapaces/as da túa idade?

As series máis recomendadas son *La que se avecina*, *Friends*, *Las chicas del cable* e *Shameless*.

Las chicas del cable: a serie narra a vida de catro mulleres que traballan na empresa de telecomunicacións de Madrid e todas están en desacordo coa sociedade machista da época. A serie está ambientada nos anos 20 e é a primeira serie de Netflix producida en España.

Shameless: Esta é unha serie estadounidense que representa á



Os nosos traballos

Os nosos traballos



familia de Frank Gallagher, un pai solteiro con seis fillos. Mentres pasa os seus días borracho é a súa filla maior, Fiona Gallagher, quen se ten que facer responsable do resto dos seus irmáns. É unha serie considerada de culto por parte da crítica. Foi emitida por varias cadeas de televisión.

En que páxina web/canal de televisión... ves as series?

As páxinas web e canles de televisión máis usadas polo alumnado son Netflix, FDF, HBO, Youtube, Telecinco, Neox, HDFULL...

Coñeces ou viches algunha serie en galego?

Con respecto ás series en galego, a gran maioría non ve nin coñece ningunha, aínda que si debuxos animados traducidos ao galego. Das series a máis vista é Serramoura.

Serramoura: unha pequena aldea ficticia vive da explotación madeireira. A serie iniciouse cando unha muller aparece morta no medio do monte con claros signos de se tratar dun asasinato violento. O homicidio terá que ser resolto por dous comisarios.

Porén, a idiosincrasia do pobo, o conflito de intereses entre as dúas principais familias, os Soutelo e os Fiúza, que pelexarán polo control do serradoiro, e os segredos que todos os habitantes do pobo gardan, farán da resolución do caso unha tarefa complicada. A serie comezou a emitirse en outubro de 2014 e vai pola sétima tempada. Na actualidade, emítese na TVG os domingos á noite.

E imos facer un engadido no final do artigo porque, despois de elaborarmos este, apareceu unha das series que máis vimos moitos de nós, **Fariña**, baseada no libro homónimo de Nacho Carretero e emitida en Antena 3. A serie foi un exitazo de público, ao que axudou todo o espectáculo mediático que se formou arredor do libro, da serie e de parte das persoas implicadas na trama do contrabando e do narcotráfico en Galicia.

Rebeca Lema Trillo, 3º A



O I.E.S LAMAS DE CASTELO VAI DE GALA!

Os alumnos de terceiro en Educación Plástica e Visual vestímonos de gala para recoller os premios Óscars ás mellores animacións **stop motion** e non é para menos xa que levamos tempo traballando neste proxecto dirixidos todos pola profesora Laura Velasco.

Para este exercicio, primeiro coñecemos a través dunha clase teórica, as orixes deste tipo de animación artesanal que é á súa vez o orixen do cinema tal e como o coñecemos hoxe en día. As orixes desta técnica fúndense coa propia historia da cinematografía e fíxose coñecida a finais do século XIX usándose por primeira vez por **Georges Méliès** en 1896.

O **stop motion** é unha técnica de animación que consiste en aparentar o movemento de obxectos estáticos por medio dunha serie de imaxes fixas sucesivas.

Trátase dunha animación artesanal, debido a que se constrúe o movemento manipulando un obxecto, coas propias mans, fotograma a fotograma. Trabállanse diversos materiais (plastilina, area, recortes de papel, xices sobre chans e muros, etc.)




“ Viaxe á lúa” G.Méliès

Para levar a cabo este exercicio necesítase seguir os seguintes pasos:

1. CREACIÓN DO STORYBOARD

Storyboard ou **guión gráfico** é un conxunto de ilustracións mostradas en secuencia co obxectivo de servir de guía para entender unha historia, previsualizar unha animación ou seguir a estrutura dunha película antes de realizarse ou filmarse.



2. DESEÑO ESCENOGRAFÍA

Outro paso importante para a realización e unha animación é deseñar e organizar o espazo onde se realizará a acción. No noso caso, realizamos esta labor utilizando como medio unha caixa de cartón na que, con diversos materiais e técnicas recreamos diferentes espazos para levar a cabo as nosas curtas de animación adaptadas a cada guión.



3. DESEÑO DE PERSONAXES

Un dos pasos máis importantes é a creación dos protagonistas das historias. A técnica usada neste caso foi a plastilina, que resulta moi fácil para modelar e que permite rectificar tódalas veces que se queira ata chegar ao resultado que máis se axuste á nosa historia.

4. FILMACIÓN E MONTAXE

Por último, fotógrafase escena a escena e móntanse cun programa informático que transforma a serie fotográfica nunha auténtica animación e co que se lle poden engadir, se se quere, algúns efectos de son.



Tiñamos xa as ideas e os materiais e puxémonos ao choio!!

O resultado... 6 divertidos curtos **stop motion**, cada un cunha historia, personaxes e escenografía diferente e como premio para este traballo que durou varias semanas, realizamos unha auténtica gala dos Óscars!! nas que se puido presentar por grupos todos os proxectos e premiar a cada un, nunha categoría diferente.

O premio á mellor película levouse unha caixa con varias sorpresas e todos nós, un premio pola participación.

As categorías foron as seguintes:



MELLOR
GUIÓN



MELLOR
DESEÑO
ESCENOGRAFÍA



MELLOR
DESEÑO
PERSONAXES



MELLOR
USO DE
RECURSOS



MELLOR
EFECTOS
VISUAIS



MELLOR
PELÍCULA



and the winner is...

MELLOR GUIÓN:

“A vida” de EVENIS PRODUCTIONS

MELLOR DISEÑO DE PERSONAXES:

“Toupa” de TIMOTHY STUDIOS

MELLOR ESCENOGRAFÍA:

“Evolution frog IV” de A MIÑA CASA PRODUCTIONS

MELLOR EFECTOS VISUAIS:

“A presa” de RODRÍGUEZ PRODUCTIONS

MELLOR USO DE RECURSOS:

“Green Life” de ESSKETIT PRODUCTIONS

MELLOR PELÍCULA: “O pescador” de RANTONCIO PRODUCTIONS



e para rematar, a fotocall!!



ata a próxima edición!



Saídas
do centro



Subimos ao Pindo

O luns 7 de maio botámonos a camiñar cara o noso particular Olimpo, o Monte Pindo. Fomos todo o alumnado do noso centro e tamén do IES As Insuas de Muros. Comezamos a subida polo Fieiro, a máis fácil das existentes, e fomos facendo diversas paradas para que o grupo non se separase, para descansar, para beber e comer algo, para observar a paisaxe e tamén para ler os preciosos poemas escritos polos nosos compañeiros, que nos axudaron a entender a beleza do Monte Pindo.

Este monte é un macizo granítico que se formou a partir da solidificación de magma que saíu á superficie por procesos tectónicos, ou de meteorización e posterior erosión. De aí, que durante a excursión puidemos ver grande diversidade de formas como son as pías, marmitas de xigante, pedras cabaleiras, cacholas e formas antropomórficas. Cada un vai dándolle vía libre á imaxinación para identificar cada unha desas pedras estrañas e fermosas.

Tamén observamos a rica flora e fauna que, por desgraza, foi diminuindo con cada queima, en especial coa última, terrible, no 2013. aínda así, puidemos ver os toxos e xestas en flor, grande variedade de flores e algúns paxaros. Tamén atopamos un cabalo morto e xa en estado de descomposición.

Ao chegar ao pico máis alto, a Laxa da Moa (627 metros de altura), puidemos contemplar as fermosas vistas da Costa da Morte. E aí, estivemos un bo anaco gozando da paisaxe, aproveitando para ver a praia de Carnota e a de San Pedro do Pindo case que a vista de paxaro. O esforzo da subida ben pagara a pena. O único malo, que, aínda que non había lixo polo chan, si vimos unhas pintadas horribles que a xente deixa cando vai, estropeando así o noso patrimonio natural e cultural.

Baixamos ata un merendeiro, ben rexufiado do vento, con herba e sol, no que xantamos e, despois, tivemos tempo libre para poder explorar esa parte do monte, interactuar

cos compañeiros do outro instituto e disfrutar das agradables temperaturas. Algúns estiveron esparruñando polas pedras e a un rapaz do outro instituto houbo que lle axudar a baixar; en cambio, uns compañeiros do noso centro atoparon unha das flores das que nos falara na clase o profesor de bioloxía, a *Fritillaria pyrenaica*, e viñan todos contentos, porque seica non é fácil de ver.

Despois de xantar, comezamos a baixada e fixemos unha parada ao pé do Gherreiro, o símbolo que lle dá nome á revista do noso instituto. O Gherreiro é un conxunto granítico de forma antropomórfica, é dicir, parece unha figura humana. Hai moitas outras do estilo, pero máis pequenas ou incompletas, mais esta é unha especie de totem xa para nós.

Continuamos baixando, e tras un par de horas, con algunha caída leve e paradas, chegamos ao Pindo. Alí, descansamos á sombra, bebemos, fomos comprar algunha lambetada para a merenda, refrescos, algúns aínda tiñan

enerxía para xogar coa pelota; outros, para iren mollar os pés á praia e outros simplemente para estar cos compañeiros de xeito relaxado, logo dunha camiñata ben bonita.

En conclusión, a excursión para nós tivo grandes beneficios sociais e culturais, porque, por unha banda coñecemos a xente doutro instituto (con algúns xa fomos á Picota ao concerto de Xoán Curiel) e, por outra, serviunos para apreciar máis o noso patrimonio, o cal temos ao lado e non apreciamos como deberíamos.

Na actualidade o Pindo é un LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) e forma parte das Zonas Especiais de Conservación, mais existe un colectivo moi amplo de persoas e asociacións que están pelexando para que sexa Parque Natural.

Marcos, David Caamaño, Lucía, Ainhoa, Xurxo, Francisco, María Sendón e María Trillo, 3º A



*Saídas
do centro*

Saídas do centro

Monte Pindo, Monte Pindo
cumio alto, cumio ergueito,
tan verde coma sempre
e tan vistoso coma os piñeiros.

Tes árbores con froitos,
tes flores coloridas,
tes cores tes vida,
tes sentadoiros para pasar o día.

Transmites sempre alegría,
evocas recordos e penas,
estás aí para lembrarnos
o camiño que nos queda.

Orgullosa de que sexas meu
de que esteas nas nosas terras,
quen lle dera a toda España
ter unhas vistas coma estas!

Subirche custa moito
e baixarche nin che digo,
pero as paisaxes que nos amosas,
son dignas para facermos o camiño.

Estou contenta de que sexas noso,
que Carnota de ti ben fale
que atraias máis turistas
e que se sorprendan coas paisaxes.

Oliva Marcote, 1º A



Xornada de portas abertas



O luns 14 de maio, pola tarde, os nenos e nenas de 6º de primaria do CEIP de Carnota viñeron ao noso instituto para coñecelo e para familiarizarse co centro onde estudarán o próximo curso.

Nesta actividade participamos os alumnos e alumnas de 1º de ESO, a orientadora do noso centro (Eva), a profesora de PT (Maribel), a titora e a orientadora do colexio e outras persoas, que fixeron unha breve aparición; entre elas, o noso titor, Uxío.

Este programa constaba dunhas actividades polo centro: a primeira foi na biblioteca para que nós, o alumnado de 1º, lles deramos algúns consellos que van precisar ao viren para aquí. Logo, démoslles un mapa do centro para que fixeran unhas actividades guiadas e, por último, fomos á cafetería a tomar unha merenda, con pizzas, á que nós tamén estabamos convidados.

Gocei moito desta tarde especial co meu papel de anfitriño.

Ángela García Figueiras, 1º ESO

Xornadas
Culturais

Xornadas Culturais



Durante as Xornadas Culturais, visitamos a igrexa de San Mamede, igrexa de planta de cruz latina e estilo neoclásico, en compañía de Marisé e Antonio, o sancristán.

Ao entrar, o primeiro do que nos falaron foi das pías, nas que estaban esculpidas unhas cunchas de vieiras, que simbolizan a vida. Contiñan auga bendita e, nada máis entrar, a xente persig-nábase con esa auga. Para o bautismo úsase a pía grande ou bautismal e para a purificación, as pequenas.

Máis tarde falamos das esculturas presentes na igrexa, as de San Juan, San Pablo, San Pedro e San José; a maioría de madeira e policromadas. O patrón de San Mamede está suxeitando as tripas e acompañado por un león; desta forma, recordaba os primeiros martirios cristiáns.

No tímpano destacan uns anxos que portan un rosario, moi típico do escultor, Ferreiro. As figuras son moi expresivas e con moito movemento, incluso nas roupas que portan.

Dende o altar celébrase a consagración. A ara era unha pedra de mármore, sagrada, que só o cura podía tocar. Antigamente, a misa dábbase de costas á xente e en latín e as lecturas facíanse dende os púlpitos.

Na parroquia de San Mamede sácanse os santos todos nos días de celebración. A pesar de necesitarse unhas 32 ou 34 persoas, sempre hai quen quere sacalos. Por outra parte, hai dous cemiterios: o cemiterio "novo" e o cemiterio "vello", onde todas as tumbas estaban mirando á igrexa menos as dos curas que estaban en sentido contrario. Como nos sobrou tempo puidemos ir alí "visitar" aos nosos familiares.


Paula Allo Lado e Xoel de la Iglesia García, 2ºA



Saída á igrexa de San Mamede

Xornadas culturais do 14 ao 16 de maio

Charlas, xogos variados, obradoiros, saídas, experimentos



Xornadas Culturais

Xornadas Culturais



Recibimos no instituto a Cheikh Fayé, emigrante senegalés, que compartiu con nós as súas experiencias de "modou modou", emigrante, na súa lingua natal, o wolof. Falounos da súa chegada a Europa, do proceso de adaptación e integración na sociedade galega e na coruñesa en particular. Falounos da súa terra natal, Senegal, da súa familia, da vida na súa aldea, das dificultades para estudar e formarse e da difícil situación económica que fai que moitas persoas coma el teñan que saír polo mundo adiante a buscar unha vida mellor.

Cheikh Fayé naceu en Gade Escale, unha aldea do interior do Senegal, nunha rexión eminentemente agrícola pero, coa seca prolongada, a situación resulta extremadamente difícil.

Esforzouse moito ao longo da infancia, a adolescencia e a xuventude por mellorar e para acadar unha formación académica que lle permitise vivir mellor. Estudou o bacharelato e foi á universidade en Dakar e chegou a ser profesor de Xeografía e Historia na secundaria.

Casou con Motou e teñen dúas fillas e un fillo, que seguen vivindo alá. El, coma tantos outros, decidiu emigrar, mais, a pesar de que vai facer quince anos que chegou á Coruña, aínda non conseguiu un bo traballo. Chegou, como inmigrante ilegal, e traballou na ferralla e, sobre todo, na venda ambulante (o seu actual traballo). Pouquiño a pouco conseguiu os papeis de residencia e está agardando a nacionalidade (con algo de sorte, poderá tela antes de finais deste ano), o cal lle permitirá acceder a outras oportunidades. Mentres, traballa e aforra todo o que pode para lles mandar axuda aos seus.

De todas estas historias e moitas outras fala no seu libro *Ser modou modou*, o primeiro libro escrito en galego por un senegalés, publicado pola AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega). El mesmo nos contou que se animou a escribir a súa historia e a de moitos compatriotas seus para difundiren a súa voz. Como el mesmo dixo, "quería contar a historia da caza desde o punto de vista do león".

Escribiu a historia en galego porque, ao ver a situación de resistencia na que vi-

ve o galego fronte á presión do castelán, decidiu optar pola lingua propia de aquí. Díxonos que **se perdemos a lingua, perdemos a identidade!** E animounos moito a seguir falando e escribindo en galego. El mesmo nos contou que ten o proxecto de ir estudar galego á Escola de Idiomas, porque quere aprender a falar ben a nosa lingua, pois xa se sente medio galego e di que é **senegalego**. Díxonos que está moi agradecido dos galegos porque sempre o axudaron e que á a zona de España onde os senegaleses se senten mellor acollidos. Gustounos moito oírle dicir iso.

Agradécémoslle moito a Cheikh que fose tan próximo e contestase as preguntas que lle fixemos. Notábase que tiña ganas de que soubésemos máis da súa historia. E si, púxonos a pensar no afortunados que somos, aínda que ás veces non nos deamos de conta.

Para rematar, queremos comentar algunha pequena anécdota da charla. A pesar de que el falou un chisquiño de nada en galego ao principio, expresábase en castelán con un certo acento francés, pois é a lingua oficial do Senegal. Fíxonos moita graza cando el e Renée, botaron unha parlada en francés e logo ela nola ía traducindo. E tamén, cando Mariluz lle explicaba algunha das nosas preguntas en castelán, pois non estamos afeitos a oíla falar así.

Alumnado de 2º de ESO e departamento de Lingua Galega



Coñecendo a vida dun emigrante con Cheikh Fayé

Viaxe de 4º a París



Este ano a excursión de 4º de ESO foi a París e durou desde o luns 12 ao 16 de marzo. Os profesores que nos acompañaron foron a nosa titora, Natalia, e Uxío, profesor de Bioloxía, que nos axudaron moito e se portaron moi ben con nós.

O primeiro día tocou madrugar, pero pagou a pena, porque arredor do mediodía xa estábamos en París. Fomos directamente ao hotel, o St. Christophers Inn, na zona da Gare du Nord, bastante céntrica. Despois de instalarnos axiña, fomos xantar pola zona e pasamos a primeira tarde explorando as zonas máis próximas ao hotel. Fomos camiñando ata o Sacre-Coeur, paseamos polo barrio de Montmartre e a zona do Moulin Rouge. Ceamos nun lugar desa zona e xa voltamos ao hotel. Todos estábamos moi cansos, pois fora un día moi longo e o que tiñamos ganas era de ir descansar. Por certo, o hotel resultou bastante ben, cómodo, con res-

taurante e outros lugares de ocio e lecer dispoñibles. Os cuartos tamén eran cómodos e prácticos e non precisabamos máis nada do que neles se nos ofrecía: cama, baño e enchufes, si, enchufes (sempre temos aparellos que cómpre recargar!).

O segundo día da nosa viaxe, o martes, fomos ao centro da cidade para visitar, entre outras cousas, o Arco do Triunfo, a Torre Eiffel, e para dar un paseo un barco.

Para chegar ao Arco do Triunfo de Napoleón accedemos a través dunha vía subterránea, porque non se podía cruzar xa que, ao mesmo tempo que é un monumento histórico, tamén é o centro dunha rotonda.

Saídas
do centro

Saídas do centro



Cando saímos da vía subterránea a primeira cousa que puidemos observar nas paredes dos piares eran escritos nos que Napoleón homenaxea aos xenerais, que participaron baixo as súas ordes na Revolución Francesa e na época do Imperio e xusto encima extensos relevos que representan importantes vitorias napoleónicas. No teito do arco puidemos ver representadas 21 rosas talladas. Preto do que sería o centro do arco vese un círculo dourado, elevado lixeiramente do chan, e no centro un lume aceso, como se fose unha pequena fogueira, e preto dela, escrita no chan, unha dedicatoria aos soldados caídos na I Guerra Mundial. Todo isto protexido por un cordel que o rodeaba formando un cadrado e decorado con algúns ramos de flores para agradecer aos soldados. Tamén ben preto do centro está unha mensaxe escrita nunha placa dourada, pegada ao chan, na que está escrita a data da proclamación da III República. No exterior do monumento, nos dous piares, hai catro esculturas xacentes na parte de abaixo que representan momentos importantes da época de Napoleón.

Desafortunadamente, non subimos á planta superior, xa que facía falta pagar unha entrada e decidimos non facelo para seguir coa visita.

De alí, dirixímonos á Torre Eiffel, o símbolo principal de París. Para nós foi un dos monumentos máis bonitos que visitamos, pois íamos con moitas ganas de vela e de poder observar, desde ela, as maravillosas vistas que nos ofrecía. Aínda que nesta visita non fixemos ningunha actividade divertida, asegurámonosvos que valeu moito a pena ir vela, pois

é o monumento máis representativo de París e non podiamos volver a Carnota sen contemplala en primeira persoa.

Dentro, había tendas de chocolates e doces típicos da cidade, aínda que non nos deu tempo a miralas con tranquilidade, pois tiñamos o tempo medido, pero aínda así, na nosa opinión aproveitámolo bastante ben. Estamos tamén de acordo en que non escolleramos o día axeitado para ir visitala, pois arriba había un vento que tiraba para atrás e un frío que pelaba pero, con todo, non nos impediu gozar dela.

Nos arredores deste fantástico monumento, nos Campos de Marte, había vendedores ambulantes, que nos ofrecían estatuas da Torre Eiffel en miniatura, postais, colgantes e mesmo tazas coa foto da Torre para levar de recordo. Sen dúbida ningunha, a visita á Torre Eiffel foi unha experiencia moi bonita, que repetiríamos outra vez cos nosos compañeiros.

Despois desa visita fomos dar un paseo en barco pola que alí chaman “L’Avenue plus belle de París”, o que quere dicir a avenida máis fermosa de París e que era nin máis menos que o río Sena. A compañía coa que contratamos a viaxe era Bateau Mouche e o barco L’espoir. Comezamos o paseo na Pont de L’Alma e desde o barco puidemos ver case todos os edificios e monumentos máis importantes da beira do río: a Torre Eiffel, o Grand Palais, o Petit Palais, o Museo d’Orsay, o Museo do Louvre, a réplica da Estatua da Liberdade... aínda que non puidemos chegar ata a catedral de Notre Dame nin a illa na que se atopa, l’Île de la Cité, xa que o río levaba moita auga e non puidemos pasar por alí.

Esta visita foi moi agradable pois alí estabamos nós sentados no barco, contemplando a paisaxe e pasando por moitas das famosas pontes da cidade. O paseo durou arredor de dúas horas e, ao rematar, xa fóra do barco, continuamos a percorrer as rúas de París, ata que se fixo de noite no Barrio Latino.

Ao día seguinte, o mércores, chegou un dos grandes éxitos desta viaxe, que foi, sen dúbida, o día que pasamos no parque de atraccións, Disneylandia-París. Este lugar é máxico e onde nenos e adultos conseguen sentirse coma nenos, non só por estar rodeados de atraccións moi grandes nas que pasalo ben, senón polo ambiente, cheo de nenos e nenas que pasean cun enorme sorriso e que se contaxia só con velos.

Aínda ben non chegamos ao parque xa queriamos entrar, mais houbo que agardar colas para facerse coas entradas, do que se ocupou a nosa titora, Natalia. Mentres non volvía, rendíanos o tempo porque xa estabamos ansiosos por percorrer todo aquilo. Ao entrar, dividíronnos en dous grupos, segundo os nosos intereses nas atraccións. Pasamos toda a mañá e a tarde separados en dous grupos e só nos xuntamos todos para xantar. Estivemos toda a tarde aproveitando para montar en todas as grandes atraccións que puidemos ata as oito da tarde en que rematou a visita.

Collemos o metro e de alí para o hotel. Estabamos tan esgotados e entusiasmados, logo dun día de tanta actividade e emoción, que algúns compañeiros quedaron a durmir durante o traxecto de volta no metro. Foi un día estupendo e para recordar!

O penúltimo día, o xoves, erguémonos cedo porque tiñamos moitas actividades: visitar a Catedral de Notre-Dame, o Louvre, o Xardín das Tullerías, os Campos Elíseos... Ao saír do hotel fomos directos a Notre-Dame.

Despois de visitar a catedral de Notre-Dame fomos visitar o famoso museo do Louvre. Tan pronto como chegamos ao museo dirixímonos ao patio onde se atopa a famosa pirámide de cristal, pola que podes acceder ao interior do museo, e tamén vimos unha réplica a menor escala do Arco do Triunfo, logo de estar un pouco fóra sacando fotos e observando o grande que era o complexo, dirixímonos cara unha das entradas.

Logo comezamos coa visita onde puidemos observar cadros realmente xigantescos como pode ser o famoso cadro do pintor Eugène Delacroix titulado "A liberdade guiando ao pobo" aínda que tamén vimos cadros pequenos como a famosa obra de Leonardo da Vinci, a "Gioconda" máis coñecida como "Mona Lisa" que nos decepcionou moito porque, para ser o cadro máis famoso e o ben protexido que estaba, era moi pequeno en comparación co que estaba diante del, que ocupaba toda a parede. Aínda fomos ver outros cadros que nos recomendara Modes e, de alí, dirixímonos á zona adicada ás esculturas, que estaban separadas por civilizacións: había a civilización exipcia, na que había principalmente esculturas de faraóns exipcios e algunhas pezas artesanais; estas últimas abundaban tamén na zona da civilización grega.

Logo diso xa non nos deu tempo a máis polo que tivemos que marchar para continuar coa programación que tiñamos planificada.



Saídas
do centro

Saídas do centro



E, ao saír do Louvre fomos coñecer os Campos Elíseos, unha gran avenida de case dous quilómetros, que se sitúa nun dos lugares máis cétricos e visitados de París. A avenida comeza no Arco de Triunfo, igual ca outras oito avenidas principais. Desde o inicio xa se ve ao fondo, lonxe, unha gran nora con luces, moi semellante á de Londres, aínda que non saberíamos dicir cal das dúas é maior.

Cando comezas a camiñar pola avenida un pode decatarse de que é un dos puntos de interese máis visitados da cidade, ao haber tantas persoas concentradas en tan pouco espazo, o que provoca que sexa difícil moverse e que haxa que ter moito coidado coas mochilas e os bolsos.

A avenida está chea de comercios, de restaurantes e bares e tamén de escaparates de grandes marcas coñecidas en todo o mundo como Gucci, Louis Vuitton, Versace ou de marcas deportivas como Adidas ou Nike. Tamén se atopa aquí a tenda oficial do PSG (Paris Saint Germain, o equipo de fútbol) e á cal recomendamos entrar. Tamén puidemos observar que hai moitos concesionarios de coches de luxo e de orixe francesa coma Peugeot ou Renault. E neles, dispoñen de prototipos de vehículos e poden verse por dentro e mesmo sentar neles, cousa que fixemos encantados.

Ao saír de ver os coches, voltamos a pasear pola gran avenida, unha rúa ben verde, chea de vexetación, de árbores

e de plantas de distintas variedades e ben coloridas. E, pouco a pouco, fomos chegando á inmensa Praza da Concordia, que nos sorprendeu moito pola súa grandeza, pola presenza da nora, polas fontes con pequenos relevos e, sobre todo, polo xigantesco Obelisco de Traxano, moi similar aos que se atopan nas prazas de Roma.

Este paseo ao longo dos Campos Elíseos foi para algúns de nós o mellor da viaxe, impresionounos a grandeza e o aire cosmopolita desta arteria principal de París.

Logo desta visita, tivemos algo de tempo libre para percorrer as zonas próximas ata a hora da cea. Aínda que no hotel había restaurante, non o usamos moito porque alí case toda a comida era picante, polo que case sempre xantabamos e ceabamos fóra. A do xoves era a última cea e foi a mellor: nun restaurante italiano e con servizo de bufete, co cal, podíamos escoller ao noso gusto e a verdade, é que esa noite ceamos moito. Estaba todo moi bo!

Esa noite, a última, xa nin lembramos nin a que hora nos deitamos nin a cal nos erguemos, pois foi moito madrugar. E así foi que o venres, a media mañá, chegamos a Carnota, moi cansos pero contentos. Unha viaxe que non imos esquecer nunca!

Agradecementos pola excursión de 4º

Queremos agradecer a axuda prestada a varias persoas e entidades que colaboraron coa excursión de 4º de ESO deste curso.

A Elda Pérez, a nosa profesora de EF e Música por axudarnos durante todo o curso a organizar a excursión, que non é cousa fácil.

A Natalia Doce, profesora de Tecnoloxía, e Uxío Formoso, de Bioloxía, por nos acompañar na viaxe e axudarnos en todo canto nos fixo falta.


A Sé Senande, a profesora de Debuxo do primeiro trimestre e parte do terceiro, que nos cedeu os dereitos de dúas acuarelas súas para facer postais de Carnota. As postais vendémolas no instituto e tamén en varios establecementos de todo o Concello e, por iso, agora llelo queremos agradecer a todos publicamente.

- Carnota Cien
- Farmacia de Celsa
- Mercería Entrefíos
- Achégate, tenda de agasallos

Tamén queremos agradecerlle ao C. F. Lira por nos ceder a recaudación da venda de rifas nun dos seus partidos, unha axuda ben boa.

E, por último, á Panadería Parada que nos agasallou con varias tortas para o xantar de nadal, co cal tamén recaudamos cartos para a excursión.

A todos e todas, moitas grazas!!!



Agradecementos

Agradecementos

Chegou o ansiado momento. Levo muitos anos, cada fin de curso, pensando en que se sentiría sendo un dos que marchan cada ano, e este curso non fui menos. Cada día que pasou durante todo este curso só pensaba en ... "Dios, por fin marcho desta minicárcel para adolescentes coas hormonas revolucionadas" Pero aghora que chegou o momento... pois... non sei como me sinto, contenta, obviamente, pero tamén algo asustada, porque por mui mal que nos caian os nosos profesores ou o mui presionados que nos sentimos ás veces... hai que admitir que nos dan moitas facilidades... E aghora só podo pensar en cousas como... Que vou facer eu sen os vales de 0.5 puntos de Carlos? Que vou facer sen que Modes nos aprobe por actitude a partir do 4.5...? E se en ves de ter en Galego a Marilus, con quen aínda botamos unhas risas na clase, temos un aburrido/a?

Neste instituto pasei seis anos, non che é unha broma, non vía a hora de marchar... E aghora que a vexo... Quero disirvos, sobre todo, a todas e a todos os que estades lendo isto, pensando coma min en que queredes marchar xa, que non teñades présa, que vos esforcedes porque todo chega... podedes pasar aquí 4, 5, 6 anos (espero que 4) pero chega. E cando chega, dá pena. Porque é unha etapa que se acaba, uns amighos que se separan e experiencias que non se esquecen.

E, aínda que me tachedes de pelota, quería agradecerlle sobre todo a dúas profesoras que me marcaron. A Elda, que fui a miña titora en 3º da ESO, e que nos organizou a excursión, por preocuparse tanto porque fomos adiante no curso e o pasamos o mellor posible na excursión (aínda que quedamos coas ggas de ir ao estadio do PSG...) e a Natalia (a miña titora deste ano), a quen lle quero confesar que durante a primeira semana de clase me caíu fatal, e que a día de hoxe é unha das miñas profesoras favoritas. Gracias por confiar neste curso de vaghos que che tocou, e por tirar por nós para que a día de hoxe poidamos disir adeus.

E aghora supoño que xa non me queda máis que disir, ca un adeus, por fin, Lamas de Castelo. Espero que me preparases ben para saír adiante. Gracias a todos os meus compañeiros e profesores que me acompañaron nesta etapa, e aos que aínda quedades aquí, ánimo e moita sorte!

Nerea Freire Raña

Levo uns dez minutos sentado na cadeira... co procesador de texto aberto... cunha páxina en branco.... Non sei como comezar isto. Non sei como empezar o fin.... Ben, durante estes dez minutos levo reflexionando sobre a primeira vez que pisei este instituto, era un parruliño, dicindo que ían semellar décadas, ou mesmo séculos o tempo que ía pasar aquí, pero en realidade non, non tiña nin un chisco de razón, o tempo voa, amigos. Tamén reflexionei sobre a xente que coñecín, novos alumnos cos que forxei unha amizade, profesores que me fixeron rir, anoxar, ou esforzarme para conseguir o que quería. As emocións que sentín, agora veñen á miña cabeza e fanme rir pensando no que era, a alegría de aprobar un exame, as risas cos compañeiros. Pero o máis gracioso é que non podo recordar nada malo, aínda que o tente, pois esas cousas non eran para tanto comparadas cos bo momentos que pasei. Así que todo o que podo dicir, resumido nunha palabra, é un sinxelo: Grazas!

Jesús Gómez Fernández

Podería dicir que esta é unha das despedidas que máis me custa dar, a despedida coa que finaliza unha gran etapa da miña vida, a que toca dar despois destes 5 anos, cos seus bos e malos momentos. Coñecín moita xente nova á que, tarde ou cedo, lle collín moito aprecio. Foron anos longos, pero sempre me acordarei do meu primeiro ano, con tanto medo ao ver que pasei de ser dos máis maiores do colexio a ser unha das máis pequenas, pero á vez era unha rapaza que quería coñecer todo o que había neste lugar tan diferente ao que era o colexio de primaria.

Foron anos, ao igual que todos, un pouco distintos ao que xa vivíramos e pouco hai que dicir.

O que quero é sobre todo dar as grazas, a toda esa xente coa que aprendín tanto e coa que ir seguindo adiante a pesar de todo, tropeizando cada día cun obstáculo novo, mais, coa axuda deles, se facía máis doado derrubalo con todas as ganas e forzas. GRAZAS.

Irimia González Blanco

Ben, rapaces. Chegou a hora de despedirnos, xa que para o ano non estarei con vós e probablemente non vos poderei ver máis. Estes catro anos paseino moi ben, aínda que houbo mellores e peores momentos, ao final, sempre acababan sendo bos. Vou botar moito de menos as clases tan divertidas de Rober, as clases de historia de Modes, as clases de física de Carlos; tamén vou botar de menos as clases de Educación Física con Elda, aínda que non me guste moito correr; as películas que víamos en Relixión con Marisé, pero, sobre todo, nunca esquecerei o IES Lamas de Castelo.

Aínda recordo aquel primeiro día de instituto cando acabáramos de chegar a 1º ESO e eu estaba asustado polo que me ía atopar nestes anos e, sobre todo, porque pasamos de ser os máis grandes do colexio a ser os máis pequenos dun ano para outro. Despois, co paso do tempo, foime pasando aquel medo e agora xa estamos no último curso da ESO, a punto de cambiar de etapa e pasar desta educación obrigatoria á etapa de educación opcional do Bacharelato.

Non me demoro máis. En conclusión sempre me acordarei de vós e deste instituto, pois unha etapa na miña vida, non é tan doada de esquecer. Un bico e ata sempre!!!!

David Vila Siaba

Despedidas de 4º

Quen é quen?



